



Memoria OSIMGA

Ano 2010

XUNTA DE GALICIA

Memoria dos traballos realizados polo Observatorio da Sociedade da
Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) no ano 2010

Edita: Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2011

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

Introdución.....	4
1. O Observatorio.....	6
2. As cifras do OSIMGA en 2010.....	10
3. Actuacións e Proxectos 2010.....	12
3.1. Primeiro Pleno do OSIMGA.....	14
3.2 Observacións de carácter xeral.....	17
3.3 Observacións de carácter temático.....	20
3.4 Proxectos no marco do III Plan Galego de Estatística 2007-2011.....	23
3.5 Sistema de Información e Vixilancia.....	25
3.6 Colaboracións.....	26
4. OSIMGA nos medios.....	32

Introdución

Este documento presenta un balance das actuacións desenvolvidas polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, desde a data da súa creación, 4 de febreiro de 2010, ata finais do ano 2010.

O principal obxectivo desta memoria anual é difundir os resultados de todas as actividades e servizos desenvolvidos por parte do OSIMGA durante ese período de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2010, aprobado no Pleno celebrado o 22 de marzo de 2010.

O informe ofrece distintos indicadores de seguimento sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentado dun xeito sistemático o estado de execución de todas as observacións planificadas polo OSIMGA, tanto as observacións de carácter xeral como as de carácter temático. Este informe comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información e Galicia.

A continuación, descríbense os proxectos e actividades do Observatorio realizadas durante o ano 2010 no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011, entre as que destaca a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa web e as canles 2.0 como principal instrumento de difusión do seu Sistema de Información e Vixilancia.

Por último, abórdanse tamén nesta memoria o importante capítulo das colaboracións que estableceu o OSIMGA desde a súa constitución con outros observatorios, organismos e entidades para promover o intercambio de experiencias e información.

As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos compromisos recollidos na Plan de Traballo Anual e no Catálogo de Servizos do Observatorio, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA. Todo isto, coa finalidade de achegar

o Observatorio ao conxunto da sociedade galega, incrementando a calidade dos seus servizos e produtos.

As actividades do OSIMGA enmárcanse nas tarefas de xestión encomendadas pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxico á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Esta actuación forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.



1. O Observatorio

1. O Observatorio

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nestas materias.

O OSIMGA é un sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

Creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), o OSIMGA está adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer cunha visión global o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que afecten a extensión da sociedade da información en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de expertos ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo, a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, eventos formativos, noticias de actualidade, ou enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades.
- Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan o estado de situación ou a evolución prevista.

- Facilitar datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas con discapacidade, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, promovendo liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.





2. As cifras do OSIMGA en 2010

2. As cifras do OSIMGA en 2010

6 informes realizados

+ 60 consultas, análises e peticións de información atendidas

8 actuacións e iniciativas propostas

+ 100 indicadores monitorizados

3 Proxectos técnicos no marco do III Plan Galego de Estatística

+ 20 colaboracións establecidas con outras entidades

5 Eventos realizados e conferencias impartidas

+ 40 boletíns informativos

+ 1.700 subscriptores en liña

+ 20.800 visitas á web OSIMGA

+ 140 noticias de elaboración propia

+ 1.000 titulares reportados

5 canles nas redes sociais



3. Actuacións e Proxectos 2010

3. Actuacións e proxectos 2010

O Decreto 21/2010 atribúe ao Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) entre as súas funcións as de desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e posibles problemáticas que poidan afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia e a aplicación do modelo de eGoberno nas administracións públicas galegas.

No ano 2010, o OSIMGA elaborou informes de situación, de evolución e análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos, contribuíndo á definición estratéxica das políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

Neste capítulo preséntanse en primeiro lugar as actividades do Pleno do Observatorio para abordar a continuación, dun xeito sistemático, todas as observacións, de carácter xeral e temático, postas en marcha polo OSIMGA trala celebración do seu primeiro pleno o 22 de marzo de 2010.

Descríbense os proxectos e actividades do Observatorio no marco do Plan Galego de Estatística 2007-2011, entre as que destaca o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

Ademais, recóllense as actividades do OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada, destacando, como principal instrumento de difusión, a web do OSIMGA e as redes sociais.

Por último abórdanse as colaboracións do OSIMGA con outros observatorios, organismos ou entidades para promover o intercambio de experiencias e información entre as distintas administracións.

3.1. Primeiro Pleno do OSIMGA

O 22 de marzo, constituíuse e celebrouse o primeiro Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O pleno do OSIMGA, presidido pola Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, está integrado por outros membros deste departamento autonómico, representantes das Consellerías de Economía e Industria, Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Facenda e do Instituto Galego de Estatística xunto cun titular de competencias no ámbito da



PRIMEIRO PLENO DO OSIMGA

Sociedade da Información pertencente á Administración do Estado, un representante das universidades públicas galegas e unha persoa designada pola Federación Galega de Municipios e Provincias. Ademais, cóntase coa participación de dúas personalidades de recoñecido prestixio en materia da sociedade da información e de modernización administrativa.

3.1.1 Membros do Pleno do OSIMGA

Relación de membros asistentes ao Pleno do OSIMGA no ano 2010:

a) Presidente/a: a persoa titular da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Dña. Mar Pereira Álvarez.

b) Vogais:

b.1) A persoa titular da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ou persoa que a substitúa.

D. José Luis Somoza Digón.

b.2) A persoa titular da Subdirección Xeral de Sistemas de Información e Modernización da Administración Pública da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

Dña. María José García Sexto.

b.3) A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa que a substitúa.

D. Manuel Díaz López.

b.4) A persoa titular da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

D. Jaime Bouzada Romero.

b.5) A persoa titular da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Dña. Rosa María Pedrosa Pedrosa.

b.6) A persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística.

D. José A. Campo Andión. Director do IGE.

b.7) Unha persoa representante dos concellos de Galicia designada por proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

D. Iván Puentes Rivera. Alcalde de Fene.

b.8) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de Sociedade da Información.

D. Enrique Dans Pérez.

b.9) Unha personalidade de recoñecido prestixio a nivel autonómico, nacional ou internacional en materia de Modernización Administrativa.

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez.

c) Secretario/a: persoa pertencente a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica con nivel mínimo de xefe de servizo.

D. Jesús Castro Barreiro.



3.1.2 Informe sobre o Estado da Sociedade da Información en Galicia 2009

Como punto de partida para comezar co labor do Observatorio foi presentado no transcurso do Pleno o informe “Estado da Sociedade da Información en Galicia 2009”, facilitando análises comparativas con outros marcos xeográficos, en relación coa cidadanía, empresas, eGoberno, sector empresarial TIC e telecomunicacións.

3.1.3 Plan de Traballo Anual do OSIMGA

O Pleno aprobou tamén o Plan de traballo anual 2010 que describe as tarefas que van configurar o programa de traballo do Observatorio ao longo do pasado ano, co obxectivo xeral de desenvolver as funcións que ten encomendadas no Decreto 21/2010. Este programa de actividades anual comprende os traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia. Estas tarefas son as que describiremos nos próximos capítulos.

3.2. Observacións de carácter xeral

3.2.1 Enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Dacordo co Plan de Traballo Anual 2010 antes mencionado, o OSIMGA puxo en marcha as Enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia relativas á evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes ámbitos de observación:

- Poboación
- Empresas de Galicia con 10 e máis empregados/as
- Empresas galegas de menos de 10 empregados/as
- Empresas TIC de Galicia.

Ademais, realizouse a integración dos indicadores sobre o software libre nun módulo complementario ás enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia no ámbito empresarial, coa conseguinte redución dos importes globais de licitación.

Estas enquisas inclúen tamén indicadores de banda larga, que contribúen a realizar a avaliación do Plan Director de Banda Larga.

Debemos sinalar que os indicadores analizados nas enquisas postas en marcha polo OSIMGA permiten, ademais, establecer unha comparativa cos estudos dos principais organismos estatísticos estatais e europeos (INE e Eurostat), ofrecendo información sobre o grao de avance e converxencia de Galicia co seu contorno no ámbito das novas tecnoloxías.

Estas enquisas complementan as realizadas polo IGE e INE, ampliando indicadores e permitindo novas desagregacións de datos que ofrecen información estratéxica para comprender as causas da fenda dixital en Galicia e realizar un seguimento sobre a evolución da penetración das TIC nos colectivos en risco de exclusión da Sociedade da Información. En particular, as enquisas do OSIMGA proporcionan información adicional no referido á:

- Conectividade a Internet a través de banda larga: calidade da conexión a Internet, servizos que motivarían a contratación de Internet,...
- Penetración das TIC no hábitat rural con desagregación dos datos en hábitats de menos de 5.000 habitantes,
- Indicadores relativos ás empresas de menos de 10 empregados/as: factura electrónica, ERP para compartir información sobre compras/vendas con outras áreas da empresa, ferramentas CRM,...
- Comercio electrónico nas empresas de Galicia
- Análise pormenorizada do sector empresarial das TIC

3.2.2 A Administración electrónica nos Concellos de Galicia.

Conforme á planificación prevista, realizouse a “Enquisa sobre a eAdministración nos Concellos de Galicia”. Este traballo de campo, foi realizado en estreita colaboración coa Oficina Técnica eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital 2014.gal.

Cos datos recollidos na enquisa, o OSIMGA está a elaborar un Mapa da administración electrónica nos concellos de Galicia, un novo estudo que permitirá valorar a situación actual da administración electrónica realizando un seguimento máis profundo e unha diagnose máis detallada da evolución da Administración electrónica dos concellos galegos e das actuacións e melloras necesarias para a súa modernización.

O estudo analiza a situación e grao de desenvolvemento da administración electrónica local, desagregando os datos segundo o número de habitantes e atendendo de maneira específica á necesidade de avaliar a implantación das actuacións e elementos nomeados na Lei 11/2007, do 22 de Xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

A enquisa está enmarcada no Plan eConcellos, promovido pola Xunta de Galicia en colaboración coas deputacións, os concellos e a Fegamp, para impulsar e coordinar as actuacións das administracións públicas galegas na oferta de servizos electrónicos aos cidadáns e organizacións da nosa Comunidade.

Por vez primeira o Observatorio realizou a enquisa a través de Internet, modernizando o método de recollida de datos de edicións anteriores. Os concellos dispuxeron dunha plataforma habilitada a través do portal de Eido local para cubrir os cuestionarios. Esta enquisa electrónica consta de tres módulos: Servizos electrónicos; Equipamentos, aplicacións e programas informáticos e Actuacións e Melloras.

A enquisa inclúe, entre outros, indicadores estatísticos relativos á dispoñibilidade de equipamento informático e de comunicacións, uso de aplicacións e plataformas da eAdministración e certificados dixitais, detectando as carencias en equipamento, conectividade de banda larga e servizos TIC nos concellos e permitindo unha axeitada toma de decisións para iniciar os procedementos de mellora necesarios nestas entidades. O estudo tamén proporciona información sobre os procedementos e trámites proporcionados polos concellos a través de Internet e as canles de comunicación para facilitar a participación dos cidadáns a través de medios electrónicos. Esta enquisa inclúe, ademais,

indicadores específicos sobre o uso do software libre e o despregamento da banda larga nos concellos de Galicia.

3.2.3 A Administración electrónica na Xunta de Galicia.

En outubro de 2010 publicáronse os últimos datos e informes relativos á eAdministración na Xunta de Galicia. O cuestionario utilizado para o traballo de campo toma como modelo a Enquisa da Administración Electrónica do Observatorio de Administración Electrónica do Ministerio de Presidencia que se desenvolve no marco dun grupo de traballo no que interveñen todas as Comunidades Autónomas e coa participación do OSIMGA.

Os resultados obtidos con esta enquisa permiten avaliar a posta en marcha e o grao de cumprimento dos servizos que recolle a Lei 11/2007 para o Acceso Electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos e o nivel de interacción dos servizos e trámites proporcionados pola Administración Autonómica aos cidadáns e as empresas.

O informe presenta tamén a evolución respecto aos anos anteriores e a comparativa co contexto estatal. Entre as conclusións do estudo figura unha análise de riscos e oportunidades para o proceso de implantación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

O estudo apunta que a coordinación e a colaboración da Xunta de Galicia con outras administracións públicas, tanto a nivel técnico como a nivel normativo e organizativo, e a necesidade do resto de administracións públicas de dispoñer de procedementos integrados son elementos que poden facilitar a potenciación desta área, proporcionando importantes vantaxes para os usuarios e para a propia Xunta.



3.2.4 Análises de fontes de referencia externas

En paralelo a estes traballos, o OSIMGA continuou as tarefas de actualización dos indicadores da Sociedade da Información en Galicia, elaboración dos informes de situación, análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos a través de fontes de información externas. Podemos citar, entre outras, as seguintes análises, correspondentes aos seguintes estudos:

- Equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares. INE 2010
- Uso das TIC e do comercio electrónico nas empresas. INE 2009/2010
- Uso das TIC nos fogares e as empresas de 10 e máis empregados/as


de Europa. Eurostat 2010.

- As Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns na empresa española 2010. Asociaci3n de Empresas de Electr3nica, Tecnoloxías da Informaci3n e Telecomunicaci3ns de Espa3a (AMETIC) en colaboraci3n de Red.es (ONTSI).
- Informe do Sector das Telecomunicaci3ns e das Tecnoloxías da Informaci3n en Espa3a. ONSI
- Informe anual sobre o desenvolvemento da sociedade da informaci3n eEspa3a. Fundaci3n Orange 2010

...

3.3. Observaci3ns temáticas

3.3.1 A Situaci3n Laboral das Enxeñarías en Informática de Galicia



En maio de 2010 presentouse o estudo: “A Situaci3n Laboral das Enxeñarías en Informática de Galicia”, realizado baixo a coordinaci3n do OSIMGA, en colaboraci3n co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), co Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG) e coa Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Este informe analiza os resultados dunha enquisa realizada entre 551 persoas tituladas en Enxeñaría Informática e Enxeñaría Técnica Informática nas Universidades de Galicia, expoñendo con precisi3n aspectos da súa formaci3n e inserci3n laboral, a mobilidade, o grao de satisfacci3n persoal coa profesi3n e as súas expectativas profesionais.

Pódese consultar este estudo en:

<http://www.osimga.es/gl/documentos/doc_propios/observacions_tematicas/>

3.3.2 Informe “Construíndo a identidade dixital: Situaci3n actual da sinatura electrónica e das entidades de certificaci3n”



Este traballo foi editado polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), en colaboraci3n coa Secretaría Xeral de Modernizaci3n e Innovaci3n Tecnolóxica da Xunta de Galicia, no marco dun convenio asinado coa Fundaci3n para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

O traballo, que tamén conta coas aportacións do Observatorio, forma parte da colección de observacións temáticas do OSIMGA que se realiza en colaboración cos principais axentes da Sociedade da Información.

Este estudo é a culminación dun proxecto que permite afondar na situación actual da sinatura electrónica e das entidades de certificación sen perder de vista os novos retos que representa esta materia de cara ao desenvolvemento da sociedade da información. O traballo analiza os resultados das entrevistas realizadas a expertos na área da certificación dixital, expoñendo con precisión aspectos relacionados co seu uso, lexislación, eAdministración e o futuro da identidade dixital.

O informe foi presentado nunha xornada de debate o día 26 de xaneiro de 2011 e contou coa presenza de expertos en representación de *Agència Catalana de Certificació*, Albalia Interactiva, Camerfirma, Fabrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT-RCM), Concello de Santiago de Compostela, Corpo Nacional de Policía, Firmaprofesional, *Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación* (INTECO), Tractis, Xunta de Galicia e *Ziurtapen eta Zerbizu Enpresa*-Empresa de Certificación e Servizos (IZENPE).

O estudo conclúe que un dos principais retos do futuro da identidade dixital é xerar a confianza e seguridade no uso da esinatura. Para iso, son fundamentais os labores de divulgación e formación sobre os beneficios e utilización dos certificados electrónicos. Débese prestar especial importancia á interoperabilidade e á estandarización dos dispositivos e sistemas, que impulsarán as posibilidades de negocio fóra das nosas fronteiras. O fin último é mellorar a calidade de vida a través dos servizos prestados en ámbitos como: sanidade, xustiza, benestar,... e tamén a mellora da competitividade das empresas a través da optimización dos seus procesos produtivos e organizativos.

Pódese consultar este estudo en:

[<http://www.osimga.es/gl/documentos/doc_propios/observacions_tematicas/>](http://www.osimga.es/gl/documentos/doc_propios/observacions_tematicas/)

3.3.3 Primeira fase do Estudo sobre O Uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade.

Este estudo ten como obxectivo analizar as posibilidades que ofrece o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) no ámbito da empresa galega, para axudar á integración das persoas con diversidade funcional, mellorar a súa calidade de vida e o seu desenvolvemento persoal, profesional e social.

A investigación pretende identificar ademais os principais problemas e dificultades que atopan as persoas discapacitadas de Galicia no acceso á So-

cidade da Información, como medio de integración laboral e empresarial, facendo fincapé nas obrigas e responsabilidades das empresas e Administracións Públicas nese proceso. Este estudo realízase en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, cos principais colectivos e federacións galegas de persoas con discapacidade e conta co apoio da Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL).

No ano 2010 abordouse, en primeiro lugar, o deseño da metodoloxía deste estudo centrado na actividade dun panel de expertos como instrumento de observación para a procura da información cualitativa que permita mellorar a toma de decisións, as políticas de planificación e as iniciativas sociais para fomentar a normalización da vida das persoas con discapacidade e a súa inclusión no eido da Sociedade da Información.

Durante o 2010, recompiláronse tamén os principios datos de contexto, e recolleuse a través dun cuestionario específico para este estudo, a valoración previa sobre a percepción das limitacións, dificultades, oportunidades... dos distintos colectivos de persoas discapacitadas no ámbito galego.

3.3.4 Outras Observacións temáticas en curso

No marco da liña de actuación “Observacións temáticas” que se sinala no Plan de Actividades Anual, e a partir da información contida obtida nestas enquisas de ámbito xeral, están en marcha tamén outras observacións planificadas de carácter temático:

- Estudos sobre a evolución dos indicadores de banda larga na poboación e nas empresas de Galicia, que permitirán realizar un seguimento das actuacións do Plan de Banda Larga 2010 - 2013
- Uso e implantación do software libre, analizando de xeito pormenorizado a situación nas empresas galegas de 10 e máis empregados/as, nas empresas informáticas e nos concellos de Galicia.

Finalmente, cabe sinalar que, se ben algunhas das observacións planificadas no Plan de Traballo Anual do Observatorio correspondentes ao ano 2010 non se chegaron a materializar, debemos destacar que foron substituídas por outros estudos de interese no ámbito da Sociedade da Información, ao abeiro dos convenios e as sinerxias xurdidas cos principais axentes TIC e co tecido asociativo galego. Estes cambios na planificación prevista permitiron racionalizar os correspondentes gastos asociados ás observacións temáticas e, polo tanto, cumprir coas directrices de austeridade do Goberno Galego.

3.4. Proxectos no marco do III Plan Galego de Estatística 2007-2011

O OSIMGA figura no III Plan Galego de Estatística 2007-2011 como instrumento para ofrecer información sobre o desenvolvemento das TIC e a administración electrónica en Galicia. Neste marco, o Observatorio elaborou os proxectos técnicos correspondentes ás actividades estatísticas cuxa responsabilidade recae sobre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

O DOG do 29 de decembro de 2010 publicou o Decreto 213/2010, do 16 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 figuran os novos estados acadados polos proxectos elaborados polo OSIMGA:

[http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/30355c027dc321d6c12578070058a93a/\\$FILE/24900D003P048.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d7/30355c027dc321d6c12578070058a93a/$FILE/24900D003P048.PDF)

- O “Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia”: cambian o seu estado de "en reestruturación" por “en curso”
- Estatísticas da administración electrónica na Administración autonómica: cambian o seu estado de "en proxecto" por "en implantación".
- Estatísticas da administración electrónica nos concellos galegos: cambian o seu estado de "en proxecto" por "en implantación".

3.4.1 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia: un novo modelo de observación

Dando cumprimento ao programa estatístico anual para o ano 2010, o OSIMGA publicou en novembro de 2010 unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia: <http://www.osimga.org/gl/estadisticas/>

Este documento ofrece un conxunto de indicadores estatísticos que permiten monitorizar, dun xeito sintético, rigoroso e transparente, a evolución da Sociedade da Información en Galicia, ofrecendo unha visión de conxunto da situación e do seu grao de avance. Esta actuación forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia composto por 39 indicadores é unha ferramenta fundamental para formular estratexias e políticas de desenvolvemento da Sociedade da Información, favorecer a



inclusión social e efectuar o seguimento e a avaliación do impacto das novas tecnoloxías na evolución socio-económica. Este novo modelo de observación persegue, ademais, a comparabilidade da situación de Galicia co seu contorno, ofrecendo información harmonizada e achegando información de valor a través da análise dos diferentes ritmos de evolución.

O sistema de indicadores conta cunha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos que garante a fiabilidade da información a divulgar. Outro aspecto esencial do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información reside na transparencia e difusión da información deste coñecemento ao conxunto da sociedade galega.

O punto de partida para establecer o modelo conceptual deste sistema de indicadores son os traballos levados a cabo polo *Working Party on Indicators for the Information Society* (WPIIS) da OCDE e documentados na *Guide to Measuring the Information Society*. O OSIMGA, estableceu unha estrutura de indicadores baseada en dous grandes grupos: Indicadores de oferta TIC e Indicadores de demanda TIC, que permiten monitorizar a evolución da Sociedade da Información nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica.

Tomando como referencia as recomendacións establecidas no código de boas prácticas das Estat foronson seleccionados de acordo cos seguintes criterios: relevancia e pertinencia para o coñecemento da situación da Sociedade da Información en Galicia, precisión e fiabilidade das fontes de información; actualización regular conforme á súa periodicidade; accesíbeis e de sinxela interpretación.

A evolución continua da Sociedade da Información obriga a realizar unha vixilancia constante das novas tendencias e, por iso, ademais da actualización dos propios datos, está previsto que este modelo de indicadores sexa sometido a un proceso de revisión e actualización periódica para manter a súa vixencia e a validez.

3.4.2 Información estatística facilitada polo IGE

No ano 2010, o Instituto Galego de Estatística (IGE) facilitou ao Observatorio información estatística relativa ás afiliacións á Seguridade Social do sector TIC, valor engadido xerado polo sector TIC, así como unha explotación dos microdatos facilitados polo INE relativos ao uso TIC e comercio electrónico nas microempresas de Galicia; datos de gran interese debido a que as empresas de menos de 10 empregados/as representan o 95% do tecido empresarial galego.

Estes datos non son publicados polo INE e empréganse para realizar a actualización do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información en Galicia e o seguimento da 2014.gal Axenda Dixital de Galicia.

3.5. Sistema de Información e Vixilancia

O Decreto 21/2010 define o OSIMGA coma órgano asesor e coma sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia. En cumprimento das funcións específicas, durante o ano 2010 o OSIMGA vén de despregar un completo dispositivo de información e vixilancia especializada co obxectivo de xestionar e ofrecer á sociedade galega toda a información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

3.5.1 Web OSIMGA

En marzo de 2010, púxose en marcha a web www.osimga.org. O portal, realizado en código aberto, é a principal canle de comunicación e difusión dos datos, informacións e produtos do Observatorio. A través da web, este sistema de información subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, enlaces con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da administración autonómica galega e a Sociedade da Información en Galicia. O portal do OSIMGA tamén permite acceder, dun xeito sinxelo, a unha escolma actualizada dos estudos e informes estatísticos de referencia de ámbito galego, estatal, europeo e internacional.

Debemos sinalar que se realizou a migración e integración dos contidos e estudos existentes nos anteriores observatorios, presentando unha panorámica, ordeada de xeito cronolóxico e temático, da evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia nos últimos anos.

3.5.2 Presenza en redes sociais

O primeiro Pleno do Observatorio tamén acordou impulsar a súa presenza nas redes sociais e xa están operativos varios servizos e recursos de información 2.0 (formatos novos de visualización de documentos, sindicación de contidos, agregador de noticias, marcadores sociais...). No ano 2010 o Observatorio ampliou o seu catálogo de servizos e produtos na redes sociais.



O OSIMGA puxo ao dispor da cidadanía dúas novas canles de comunicación en Facebook e Twitter que se suman as xa existentes (delicious, netvibes e issuu).

A incorporación do Observatorio a estas redes sociais forma parte da estratexia conxunta de difusión das iniciativas de modernización e innovación tecnolóxica da Xunta de Galicia. Coa integración das canles 2.0 dependentes da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica dáse un novo paso no camiño cara un modelo de administración aberta (*Open Government*), unha Administración na que priman as relacións cos cidadáns e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa.

O obxectivo último destas medidas é mellorar e visualizar a disposición das distintas ferramentas sociais do departamento autonómico, impulsando de maneira especial a presenza do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia nas redes sociais, conforme ao acordo do primeiro Pleno do OSIMGA.

3.5.3 Catálogo de Servizos



O OSIMGA publicou en setembro de 2010 un Catálogo de Servizos que presenta de forma resumida os servizos que presta o OSIMGA, os compromisos de calidade asumidos na súa prestación e os dereitos da cidadanía en relación cos mesmos.

As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas, son o punto de partida para a definición dos compromisos do Observatorio, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de mellora continuada do OSIMGA. É por iso que o documento achega, ademais, un “Cadro básico de indicadores de calidade”, que será actualizado de maneira periódica.

3.6. Colaboracións

O OSIMGA conta entre as súas funcións coa de promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades. Neste sentido e, dacordo coa planificación aprobada polo Pleno, o OSIMGA xa está a colaborar con distintos grupos de traballo temáticos compostos por distintos organismos e institucións:

3.6.1 Observatorio da Administración Electrónica das Comunidades Autónomas

O OSIMGA está a colaborar co grupo de traballo “Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas”, creado no marco do Comité Sectorial de Administración Electrónica, dependente do Ministerio de Presidencia. En xullo de 2010 cumprimentouse a enquisa de Administración Electrónica, Informe CapGemini 2010, co fin de avaliar os vinte servizos básicos no ámbito da eAdministración, de acordo cos criterios metodolóxicos marcados pola Comisión Europea.

O obxectivo do Informe CapGemini é realizar unha auto-avaliación da sofisticación/dispoñibilidade e experiencia do usuario dos servizos electrónicos proporcionados polas Administracións Públicas así como das plataformas de contratación en cada ámbito territorial.



3.6.2 Colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

No marco do convenio asinado polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) coa Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, o OSIMGA participou na elaboración do estudo “Construíndo a identidade dixital: Situación actual da sinatura electrónica e das entidades de certificación”. Este traballo foi editado polo CPEIG en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

3.6.3 Colaboración co Instituto Galego de Estatística

No marco do III Plan Galego de Estatística 2007-2011, o OSIMGA mantivo unha permanente colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE) especialmente en todo o relacionado coa elaboración dos proxectos técnicos correspondentes ás actividades estatísticas cuxa responsabilidade recae sobre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.



3.6.4 Colaboración co Observatorio de Accesibilidade da Dirección Xeral para o Impulso da Administración electrónica do Ministerio de Presidencia

O OSIMGA remitiu achegas para a elaboración do Informe de Accesibilidade das webs das CCAA. O proxecto "Observatorio de Accesibilidade" ten por obxectivo axudar a mellorar o grao de cumprimento en materia de accesibilidade dos portais da Administración (AGE, CCAA e EELL).

3.6.5 Colaboración co tecido asociativo galego das persoas con discapacidade

En decembro de 2010 OSIMGA puxo en marcha, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, o primeiro estudo sobre o uso das tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC) no ámbito da empresa galega, para axudar á integración das persoas con discapacidade. Para lograr este obxectivo o Observatorio convidou a participar no panel aos principais colectivos e federacións galegas de persoas con discapacidade e remitiulles un cuestionario previo ás entidades participantes: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS GALICIA), Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), Asociación de Empresarios Discapacitados (AED), Federación Galega de Parálise Cerebral (ASPACE Galicia), Down Galicia, entre outras. Ademais o panel conta co apoio da Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL).

3.6.6 Colaboración coa Fundación Orange



O OSIMGA colaborou coa Fundación Orange para a valoración do grao de avance na aplicación da lei 11/2007 para o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. O obxectivo deste estudo foi coñecer a disposición de medios, ferramentas ou servizos por parte das CCAA, para facilitar o efectivo exercicio de dereitos de acceso electrónico da poboación aos servizos públicos.

3.6.7 Colaboración coa Fundación Telefónica



Fundación Telefónica

No marco de colaboración que o Observatorio ven desenvolvendo coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia en 2010 recompilando os principais indicadores e a

realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe “La Sociedad de la Información en España 2010”, publicado en xaneiro de 2011 a Fundación Telefónica.

3.6.8 Colaboración coa Oficina eConcellos

A Oficina Técnica eConcellos, colaborou na realización do traballo de campo da a “Enquisa sobre a eAdministración nos Concellos de Galicia. Ano 2010”. A enquisa está enmarcada no Plan eConcellos, dentro do marco estratéxico da Axenda Dixital 2014.gal. Grazas a esta colaboración os concellos dispuxeron, por primeira vez, dunha plataforma habilitada a través do portal de Eido local para cubrir os cuestionarios.



3.6.9 Colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia

En xuño de 2010, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica entrou a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia. A través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) realizou un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, recabou os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC e as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

Ademais, realizáronse aportacións ao informe “Situación das mulleres no sistema de ciencia – tecnoloxía – empresa de Galicia” así como outras contribucións á metodoloxía e aos cuestionarios doutros estudos que está a levar a cabo a Unidade de Muller e Ciencia.



3.6.10 Colaboración con Eixo Atlántico

O Observatorio colaborou con Eixo Atlántico no proxecto europeo “Axendas Dixitais Locais”, que ten como obxectivo mellorar as políticas rexionais no ámbito das Axendas Dixitais Locais para desenvolver novas accións relacionadas coa aplicación da Sociedade da Información aos servizos públicos. Para iso,



deseñárase unha Axenda Dixital Local transferible ás rexións que forman parte deste proxecto e elaborárase unha metodoloxía común para adaptar a Axenda a cada situación particular local.



3.6.11 Estudo Eurobarómetro

O Observatorio facilitou os datos correspondentes a Galicia para cumprir o estudio Flash Eurobarómetro realizado pola Comisión Europea sobre a innovación no sector público.



3.6.12 Indicadores para a mesa de diálogo social en materia de modernización e innovación tecnolóxica e racionalización e simplificación das cargas administrativas

O OSIMGA contribuíu á definición de indicadores sobre incentivación e desenvolvemento do sector TIC galego, que foron incluídos no informe “Diálogo Social de Galicia”.

3.6.13 Conferencias



O Observatorio participou na 1ª e 2ª edición do “Curso Superior de Administración Electrónica”, celebrado na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en xuño e novembro de 2010 coas conferencias “A Sociedade da Información” e “A Observación”.



O OSIMGA tamén participou co relatorio “Deseño dun modelo de Sistema de Indicadores da Sociedade da Información: criterios e técnicas de medición” nas VI Xornadas de Estatística Pública no marco do XXXII Congreso Nacional de Estatística e Investigación Operativa que se celebrou na Coruña do 14 ao 17 de setembro de 2010.



4. OSIMGA nos medios

4. OSIMGA nos medios

O OSIMGA realizou durante 2010 unha difusión regular das súas actividades e produtos de observación mediante distintas notas de prensa que foron recollidas polos principais medios de comunicación e as webs especializadas.



SOCIEDAD / Ciencia y Tecnología

Vixiando o avance das TIC

Xornal.com
05/02/2010 - 00:00 h.

A Xunta aproba a creación do Observatorio da Sociedade da Información, que terá como obxectivo avaliar a ampliación das novas tecnoloxías na comunidade autónoma.

GaliciaHoxe.com

Portada [Galicia](#) [Noticias](#) [Economía](#) [Deportes](#) [Música](#) [Cine](#) [Opinión](#) [Internacional](#) [Cultura](#) [Ciencia](#) [Tecnología](#) [Turismo](#) [Gastronomía](#) [Salud](#) [Educación](#) [Medio Ambiente](#) [Historia](#) [Arte](#) [Fotografía](#) [Video](#) [Podcasts](#) [Contacto](#)

Observatorio

A situación das TIC en Galicia, a análise mañá

21.03.2010



25 MAY 2010

Participación en el Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia

Facile a 120€ ann.



OSSERVATORIO
di Sicurezza alla Informazione
e a Mobilità della
GALCRA

El pasado lunes 22 participé en el primer biénio del Observatorio da Sociedade da información e Comunicación de Galicia, organismo del que formo parte desde la semana anterior. Fué invitado a participar por la Secretaría Xeral de da Xunta de Galicia, Rosa María Pereira, a la constitución de dicho correspondiente Observatorio do Medio Rural de Galicia. Está el Observatorio para el año 2010.

elCorreoGallego.es

Vienes 21.01.2011 | Actualizado 12:17 | Hemeroteca web | RSS

Política | Santiago | Comarcas | Océano | Península | Deportes | Tendencias | Opinión | Blogs | Cultura | Ocio | Canales | Servicios | Opinión

Inicio | Perfil | Opinión | TDT | Fútbol | Gallego del día | Televisión | Cine | Música

Opinión y comunicación | sociedad@elcorreogallego.es

OSIAGA

Los jóvenes gallegos, pioneros en el uso del ordenador y en Internet

23.03.2010 El informe Estado da Sociedade da Información en Galicia 2010 reflicte que la banda de 16 y 24 años se sitúa por encima del porcentaje estatal II Se enmarca en un 93,7% II Aumentaron las compras por la red en un 3,8%

europapress.es

GALICIA

Un estudio de la Xunta destaca que el colectivo de los ingenieros informáticos "se aproxima al pleno empleo"

La encuesta concluye que el 94,8% de los titulados en Ingeniería Informática y el 86,2% de los de Ingeniería Técnica están trabajando.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23 Abr. (EUROPA PRESS).

Un estudio editado por la Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia destaca que el colectivo de los ingenieros informáticos "se aproxima al pleno empleo", al encontrarse trabajando más de un 94 por ciento de los titulados.

La Voz de Galicia.es

PORTADA GALICIA DEPORTES SOCIEDADE DINERO ESPINHA MUJER ESPINHA PARTICIPA BLOGS DE INTERES CULTURAL Xente Tendencias Tecnoloxía Concellos A GULA TV Hoxe máis Xilémara.

SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

A Xunta considera que o atraso de Galicia en conexións a Internet débese ao envellecemento

O executivo autonómico di que o 42,5% dos fogares galegos teñen conexión, 13 puntos por baixo da media estatal.

gestic ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE
TECNOLOGÍAS DE INFORMACIÓN Y COMUNICACIÓN
inicio || mapa web || contacto || declaración de accesibilidade || aviso legal || rss

INFORMACIÓN CORPORATIVA | SERVICIOS | SOCIOS | COLABORADORES | ASOCIARSE |

QUÉ HACEMOS

- Proyectos
- Actividades
- Formación

Inicio / Recursos / Noticias / TIC

O OSIMGA vén de actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia

Venres, 19/11/2010

IDIOMA

- Español
- Galego

